

Estimadas familias:

Xa se entregaron os ordenadores E-Dixgal ao alumnado para seren utilizados no centro e no seu domicilio.

As familias que teñan asinado un acordo de cesión dos equipos en anos anteriores NON teñen que asinar outro novo.

O alumnado que se incorpore ao proxecto E-Dixgal no CPI Aurelio Marcelino Rey García este curso escolar SI que ten que presentar un documento de cesión asinado polos responsables legais, comprometéndose a cumprir as CLÁUSULAS DE PRÉSTAMO estipuladas. A meirande parte do alumnado nesta situación xa entregou o acordo de cesión.

O alumnado con equipos pendentes de reparación, terán os equipos ao seu dispor conforme vaian chegando ao centro dende a empresa que os repara.

SOPORTE PREMIUM

O proxecto E-Dixgal conta cun equipo de soporte específico (Soporte Premium) que canalizará todas as incidencias relativas a centros, familias e profesorado.

As canles de contacto son as seguintes: (24 horas ao día, 7 días á semana)

Correo: soporte.premium@edu.xunta.gal

Teléfono: 881 86 99 00

WhatsApp: 604 06 78 56

Telegram: @Serviciopremiumedixgal

SEGURO DO EQUIPO

As familias que así o desexen poden contratar de xeito voluntario un seguro anual (válido desde setembro de 2022 ata agosto de 2023), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O custo anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído), e a súa contratación pode realizarse directamente a través do número de teléfono 881 505 136.

Aínda considerando a voluntariedade da contratación do seguro do equipo, dende o centro recoméndase contratalo para evitar disgustos desagradables derivados de accidentes inevitables que suceden durante o ano. O curso pasado tramitáronse máis de 30 incidencias das que as familias se tiveron que facer cargo.

Lembren que este seguro cubre calquera tipo de desperfecto, pero non cubre o extravío ou roubo do equipo nin o punteiro/lapis do mesmo.

No portal espazoAbalar está publicado un folleto con toda a información para as familias:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/e-dixgal/informacion-para-familias>

Un saúdo

Javier Carballo Vales